



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

**M<sup>a</sup> LORETO LÓPEZ FERNÁNDEZ, SECRETARIA DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, A CORUÑA**

**CERTIFICO: Que o pleno do Concello de Malpica de Bergantiños, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de novembro de 2023, adoptou entre outros o seguinte acordo que literalmente se transcribe:**

**3º.- FIXACIÓN DA ASIGNACIÓNS ECONÓMICAS AOS GRUPOS POLÍTICOS, MANDATO 2023-2027.**

Visto que a sesión de constitución da Corporación celebrouse o día 17 de xuño de 2023, quedando nesa data disoltos os anteriores grupos políticos da anterior Corporación.

Visto que a constitución dos novos grupos políticos formados polos concelleiros electos, de acordo co artigo 24 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, realizouse no prazo dos 5 días hábiles seguintes ó da constitución da corporación, mediante escritos asinados por todos os integrantes, resultando constituídos os seguintes:

- Grupo Municipal do Partido Popular de Malpica, mediante escrito con RXE núm. 202300000002536, do 20 de xuño de 2023):

Integrantes:

D. Eduardo J. Parga Veiga  
D. Miguel Ángel Fernández Mirás  
Dna. Noelia Freijeiro Novo  
Dna. M<sup>a</sup> Soledad Blanco Gorín  
D. Rodrigo Mato Garrido  
D. Luis Miguel Fernández García

Voceiro:

D. Miguel Ángel Fernández Mirás

Voceiros/as Suplentes pola orde que se relaciona:

Dna. Noelia Freijeiro Novo  
Dna. M<sup>a</sup> Soledad Blanco Gorín

- Grupo Municipal do BNG de Malpica de Bergantiños, mediante escrito con RXE núm. 202300000002553, do 20 de xuño de 2023:

Integrantes:

D. Miguel Ángel Varela Varela  
D. Miguel Platas Rodríguez

Voceiro:

D. Miguel Ángel Varela Varela

Voceiro Suplente:

D. Miguel Platas Rodríguez

- Grupo mixto-AIM, mediante escrito con RXE núm. 202300000002605, do 21 de xuño de 2023:

Integrante:



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400\*

D. Alfredo Cañizo Garrido

Voceiro:

D. Alfredo Cañizo Garrido

- Grupo Municipal PSOE Malpica, mediante escrito con RXE núm. 202300000002690, do 23 de xuño de 2023):

Integrantes:

D. Walter Pardo Añón

D. José Ángel Garrido Suárez

D. Sergio Manuel García Villar

Dna. María Manuela Álvarez Rey

Voceiro:

D. Walter Pardo Añón

Voceiros/as Suplentes pola orde que se relaciona:

D. José Ángel Garrido Suárez

Dna. María Manuela Álvarez Rey

D. Sergio Manuel García Villar

Visto o informe da Intervención Municipal de data 21 de novembro de 2023.

Considerando que a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local posibilita, en aplicación do disposto no parágrafo segundo do seu artigo 73.3, asignar ós grupos políticos unha dotación económica que deberá contar cun compoñente fixo, idéntico para todos os grupos e outro variable, en función do número de membros de cada un deles, dentro dos límites que, no seu caso, establézanse con carácter xeral nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado e sen que poidan destinarse ó pagamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ó servizo da corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Por todo o exposto propónse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Asignar a cada un dos grupos políticos constituídos polos membros da corporación a efectos da súa actuación corporativa, as seguintes asignacións económica anuais; asignacións determinadas por un compoñente fixo de 500 € / ano por grupo político e un compoñente variable de 500 € / ano por cada membro integrante do grupo político:

Grupo político	Nº de concelleiros	Compoñente fixo (€)	Compoñente variable (€)	ANUAL (€)
Grupo municipal do Partido Popular	6	500,00	3.000,00	3.500,00
Grupo municipal PSdeG-PSOE	4	500,00	2.000,00	2.500,00
Grupo municipal do BNG	2	500,00	1.000,00	1.500,00
Grupo mixto-AIM	1	500,00	500,00	1.000,00
	13	2.000,00	6.500,00	8.500,00

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

**Segundo.-** As asignacións económicas anuais se farán efectivas no duodécimo mes do ano e referidas ós doce meses de cada anualidade, facéndose efectiva por ano completo e con referencia ó primeiro día do ano natural que corresponda, salvo no seguintes casos, en que se liquidará por días: no ano 2023, do 1 de agosto ata o 31 de decembro dese ano. No ano 2027 de termo do mandato, dende o 1 de xaneiro ata a data de sesión de constitución da nova corporación.

**Terceiro.-** Cada un dos grupos políticos constituídos polos membros corporación a efectos de súa actuación corporativa, deberán levar unha contabilidade específica da asignación económica anual, con separación de ingresos recibidos e gastos efectuados e soportados na oportuna documentación acreditativa que cumpra os requisitos formais esixidos polas normas mercantís e fiscais, que será posta a disposición do Pleno sempre que este órgano a solicite, en aplicación do sinalado no parágrafo 5 do artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local.

**E para que así conste, expido a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde-Presidente e en cumprimento do establecido no art. 206 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, advirto que a acta que o contén non foi aprobada a día de hoxe, facéndose a certificación a reserva dos termos que resulten da aprobación da mesma, en Malpica de Bergantiños asinado dixitalmente na data que figura na marxe.**

**Vº e Praxe,  
O alcalde,**

**A secretaria,**

**Asd.: Eduardo J. Parga Veiga**

**Asd.: Mª Loreto López Fernández**